

MAPA DA ZONA

Xoan Carlos Rivas Fernández

Ourense

Topógrafo Colexiado e Funcionario da Administración Local. Director do Museo Municipal de Ourense. Académico Correspondente da Real Academia Galega desde 1977. Membro do Instituto de Estudos Galegos “Padre Sarmiento” do C.S.I.C., na súa sección de Prehistoria e Arqueoloxía desde 1977. Membro da Xunta de Goberno

da Fundación “Otero Pedrayo” desde 1987. Vinculado ao Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense desde tempos de Ferro Couselo, co que colaborou e chegou a ter grande amizade. É Membro titular do seu Grupo “Marcelo Macías”, nomeado por Orde da antiga Dirección General de Bellas Artes en 1972. Ten publicados máis de sesenta traballos de investigación en diversos boletíns e revistas especializadas, así como comunicacións en congresos, simpó-

sios, etc. Colabora a miúdo nalgúns xornais de Galicia, nos que xa publicou máis dun centenar de artigos sobre divulgación e defensa do patrimonio cultural ourensano e galego. Grande coñecedor das terras de Ourense, no seu haber ten importantes achados artísticos e arqueolóxicos, moitos deles doados ou xestionados para o Museo Arqueolóxico Provincial.



UNHA ENXEÑOSA CONSTRUCCIÓN RUPESTRE: O MUIÑO DAS CANÁS(*)

Xoan Carlos Rivas Fernández

É curioso decatarse como nestes últimos tempos a figura e obra de Xesús Ferro Couselo está sendo avaliada e engrandecida fundamentalmente como defensor por antonomasia do patrimonio arqueolóxico e artístico galego. E isto é verdade, si. Pero esta laboura que desenrolou fielmente, non tanto pola obriga do funcionario e seu cargo, como dende unha vehemente e natural actitude ética, cultural e de compromiso coa súa terra, quizais estea diluindo dalgún xeito outros dos seus indudábeis e máis importantes méritos no eido do estudo e da investigación. E podo dicir que entre eles estaba tamén, anque moi acochado e inédito nas publicacións, o eido da etnografía, interesándolle moito os traballos de especialistas nesta materia como Fritz Krüger, Mattos, Viana, Jorge Días, Leite de Vasconcelos, Pires de Lima, o propio Risco, Laureano Prieto co que colaborou, e, como non, os do seu grande amigo "Xocas".

Con este cativo traballo quero lembrar, polo tanto, ó tamén investigador etnógrafo D. Xesús Ferro Couselo.

Estamos en terras de Allariz, a uns catro quilómetros desta vila cara a Celanova, e no fondo do val do Arnoia, moi preto xa das súas augas e por baixo da vella vereca ou camiño real que levaba ás ditas poboacións. O entorno é abraiante, estamos no medio dunha fermosa fraga autóctona, baixando dende As Quintás ao río, pero indo cara A Portela en percura do Regato das Regueiras para seguilo ata o seu encontro co Arnoia, onde se atopa o **Muiño das Canás**.

Nesta paraxe é o imperio do carballo, que deixa pouco máis respiro para algúns que outros vellos caracochos de castiñeiros. Case non se pode avanzar, encargarse delo a pronunciada pendente, as pólas baixas, as moitas silvas, as xestas e ata as espiñas dos abruñeiros bravos; a falta de xente no campo permite hoxe medrar todo isto en demasía. Os encostados carreiros xa son tamén impracticábeis e van xalonados con pequenos muros de desgastadas pedras, moitas cubertas xa con espeso manto de musgo, e nos dos sucacos xa só se adiviñan. Houbo lóstregos e chuvia algo, cheira a humidade e a herba fresca. É a Galicia marceada que xa sae da invernia.

Noutrora foran terras de San Rosendo e dos seus frades; moi


preto está a igrexa de San Trocado, onde fai anos atopouse unha antiqüísima necrópole; cara o Sur, un quilómetro por riba de nós está Pazó e Amiadoso, con importantes elementos arquitectónicos mozárabes, feitos por aqueles fuxidos das terras dos mouros que quizais acolleu aquí tamén o Santo abade de Celanova.


Xa pasaron moitos anos dende que vira por primeira vez esta reliquia arquitectónicoetnográfica, o **Muiño das Canás**, descoñecido no mundo da cultura e, dende logo, dos inventarios da etnografía galega, chamado tamén por outros veciños da bisbarra o Muiño do Demetrio, polo que fora o seu derradeiro muiñeiro e propietario; daquelas levara eu aos arquitectos Xavier Suanzes e Iago Seara, interesados xa polo patrimonio cultural e etnográfico da nosa terra, e tamén por coñecer, coma dicían eles, as "solucións técnicas" da rudimentaria fábrica de moer.

O muiño está situado nunha colosal atalaia rochosa na marxe esquerda do Arnoia, a uns 15 metros de altitude sobre as súas augas; encóntrase tamén preto do Regato das Regueiras, que pouco despois de dar parte das súas augas ao muiño, desemboca no Arnoia.

Evidentemente trátase de unha

* Axudáronme con grande eficacia neste traballo Carlos Domínguez, leal amigo e xa veterano colaborador en moitas andainas arqueolóxico-etnográficas, e seu fillo Xosé Carlos que xa está tamén a traballar rexistrando o patrimonio cultural máis esquecido da nosa terra. Dos valores de ambos fago aquí recoñecemento.







construcción rupestre, xa que en parte aproveitaron as características naturais da grande formación granítica que alí aflora; no resto do rudimentario edificio foi completamente coa realización de muros de cachotes e de tres difíceis e duros traballos de tallado na dita rocha, para facer espazos respectivamente a parte da vivenda ou estancia superior, para o depósito de auga baixo a entrada da canle, e na cota máis inferior para a ubicación dos rodicios con as súas correspondentes rodas de moer.

Os debuxos que aquí se amosan, aínda con ser unha boa e moi descriptiva axuda, non dan idea cabal da increíbel e hábil utilización que se fixo do rochedo para asentar nel todas as instalacións necesarias para levar a cabo o tradicional proceso de moenda a partir da forza da auga.

Non describirei agora o funcionamento dun muiño desta clase, por estar dito dabondo nos manuais de etnografía, e só subliñarei as características concretas de todo este rudimentario complexo, principiando pola súa parte superior.

En primeiro lugar tallouse na pendente rocha unha banquetta de aproximadamente 4 metros de lonxitude, case en horizontal, por 1,60 de frente; despois afondouse aínda moito máis na dura rocha, até uns 5,50 metros, para chegar á cota das **porcas** onde asentan os eixos dos **rodicios**. A parte de rocha de cara ao río quedou a menos altura que a da plataforma anterior, polo que foi suplementada con sillería irregular ata chegar a uns 30 centímetros por baixo da outra; é por elo que o chan de madeira que asentaba entre elas,

tiña que levar unha pequena inclinación.

Pola parte exterior do muiño, o rochedo volve a baixar en doce talude ata uns 3 metros, e a seu pé pasa a **canle** que fai de **aliviadoiro** ás augas sobrantes do muiño, e que á súa vez segue o seu curso a certa altura á beira do Arnoia por esta marxe esquerda, para regar uns lameiros máis adiante. Aínda atopamos aquí, un pouco máis por riba da cota da dita **canle**, con outra plataforma natural de uns 3 metros de lonxitude, antes de se precipitar definitivamente en vertical ata uns 15 metros de profundidade sobre as mesmas augas do río Arnoia.

A parte lateral dereita, onde está a porta do muiño, non presenta maior problema para o seu cerramento, e fíxose con sillería, a máis traballada de todo o edificio. Fora, á esquerda da porta, hai un sentadoiro ou pousadoiro baixo un sinxelo cobertizo ou cabildo, hoxe desaparecido, que estaba sostido pola prolongación das dúas únicas vigas de madeira que tiña o teito do muiño.

O lado esquerdo, en cambio, precisou xa dun elevado, atrevido e máis rexo muro feito con grandes pezas irregulares, que en seu contacto coa rocha natural fóronse adaptando ao seu perfil tal como ía caendo. Por este lado son visitábeis tanto os rodicios como os seus eixos e a estrutura de lousas ou **sésigas** que teñen conta dos **pés** e das **mós** de moer; para elo deixouse unha entrada a modo de cova entre os dous promontorios rochosos, mediante un tosco cachote que fai de lintel e que, a pesar de estar rachado, aguanta perfectamente o peso do muro por estar a maior parte das outras pezas trabadas entre si.

O chan de madeira que tivo o primeiro andar, non deixaba entrar a luz natural na parte baixa, que era onde tiña que estar máis tempo o muiñeiro, e requería ter algún tipo

de alumeado artificial con fachos, candís de aceite, grasa, ou mesmo carburo, etc. A máis da porta, os muros levaban na parte superior outros dous ocós, unha xanela cara a parte do río Arnoia e outra lateral mirando cara augas abaixo, con un poio ou sentadoiro. Dende ambas domínase unha paisaxe incomparábel.

O cerramento máis superior deste edificio, cara o monte, foi solucionado con un enorme penedo natural, de case dúas toneladas, e que seguramente estivera deitado da súa parte exterior alí mesmo, sendo levantado sen dúbida con moito traballo, e deixado de canto para pechar por ese lado o muiño; a máis deste tiña conta do teito, que por aquí queda a tan só 1,40 do terreo exterior.

Hai outros bloques de grandes dimensións que tiveron que se mover tamén, e ao carón mesmo deste, atópase un que, este si, houbo que arrancalo en canteira e logo transportalo dende máis lonxe. ¿Como se conseguiu isto en terreo tan illado, só con ruíns e moi encostados sendeiros? Pois con grande traballo. O esforzo tivo que ser ímprobo, e dende logo, con a concurrencia de moito persoal, o que indica a grande importancia que tiña noutros tempos industria tan elemental pero, sen dúbida, tan vital para a mantenza de moitas familias de campesiños.

Evidentemente un muiño destas características tiña que ser de réxime comunitario, e non privado ou “de herdeiros”, só así poderase comprender o traballo acadado aquí, o seu costoso mantemento e conservación ata fai medio século atrás.

A **presa** onde se capta a auga para o muiño, está composta por dúas boas laxas fincadas oblicuamente no leito do regato ata máis da metade do seu cauce; a **canle** ten pouco recorrido, sen case pendente, pero



leva pezas en media cana de pedra labrada, incluso o **aliviadoiro** que arrodea ó pé a maior parte do rochedo onde se asenta o muiño.

Non é este muiño de longo e pendente conducto final da auga ou **cubo**, nin de cheminea vertical de pedras redondas furadas, senón de **reservatorio** ou depósito previo. Nos cinco últimos metros a **canle** está cuberta por rexas lousas de pedra con máis anchura da normal, porque en realidade non cubren o tradicional **cubo** en pendente de entrada da auga, -coma dixemos, o corto recorrido da canle non dá para que colla velocidade-, senón un depósito de uns 2,50 por 2,80 metros de anchura e 3 de profundidade, feito na dura rocha. Deste modo, por presión constante e non por caída, dáselle forza á auga que sae por dous buratos ou conductos redondos, de unha cuarta de diámetro, tamén feitos a base de furar a rocha natural, e que van dereitos a encarrar as **culleres** do **rodicio**.

En fin, calquer descripción que se faga das características constructivas deste vello e particular muiño, aínda facendo énfase en certos detalles, sempre desmerecerá da propia contemplación *in situ* deste meritório conxunto rupestre e de seu entorno.

No Regato das Regueiras, poucos metros augas abaixo de onde se captan as augas para o muiño, atópase unha pequena pontella, que é tamén a máis rudimentaria en pedra que coñezo. Como se está a ver nos esquemas que fixen dela, trátase de dúas pedras longas meténdose cara o regato e a certa altura das augas dende a marxe esquerda; outra máis sobresa da marxe dereita esta vez dende abaixo e fronte as anteriores, e unha terceira foi posta por riba trabada nos extremos das outras e sen tan sequera ser traballada.

Dende aquí ata a desembocadura a uns 50 metros, o regato deslízase

pola desgastada rocha natural formando dúas fermosas e pequenas fervezas, e ata a mesma caída no Arnoia faina sobre un colchón laxado. Todo un belido espectáculo.

O **Muiño das Canás** é un dos moitos vestixios, fermosos e inseparábeis dos cursos dos nosos regatos, testemuña dunha cultura milenaria que xa morreu; museos vivos do árduo quefacer dos devanceiros, preciadas pezas que en calquer adiantado e culto país xa levan anos sendo obxecto dos máis solícitos coidados. Como dixen ao comezo, este é unha verdadeira xoia que merece mellor futuro que o de hoxe, en estado de abandono, sen teito e con parte dos sillares dos muros derrubados por mor dos consabidos gamberros; coído que, unha vez revalorizado e dado a coñecer aquí, sexa axiña restaurado e dotado da correspondente sinalación, e do sendeiro que permita o seu acceso con máis comodidade a todos os interesados nestes tradicionais valo-

res culturais da nosa terra. A frescura e espectacularidade da paisaxe virxe que o arrodea, previa limpeza e coidado destas ribeiras do Arnoia, será sen dúbida tamén outro aliciente para os visitantes.

A pontella do regato

